

Artigo 2. Xustificación

A ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido. En virtude das facultades que se recoñecen ó Concello no artigo 25 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e no art. 7 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, créase o “Servicio de Zona Azul”, que pretende acadar o acceso igualitario e limitado de tódolos/as conductores/as ó aparcamento nas zonas onde sexa especialmente escaso.

Artigo 3. Ámbito e determinacións

Os estacionamentos regulados e con horario limitado existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para iso, e se determinarán por medio dunha Resolución da Alcaldía. En todo caso deberán de coexistir cos de libre utilización e someteranse ás seguintes determinacións:

1.—O estacionamento efectuarase mediante disco comprobante do horario, que indicará a hora do estacionamento. (Ver Anexo).

2.— O condutor/a do vehículo está obrigado a colocar o disco horario no lugar da parte interna do parabrisas que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.

3.—O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será de unha hora nas rúas e 90 minutos no aparcadoiro público de Arcade.

4.—Quedan excluídos desta limitación, os vehículos da policía, protección civil, bombeiros, ambulancias e persoal sanitario en servizo de urxencia.

5.—Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o aparcamento, e non poderá volver a estacionar na mesma rúa ou praza, ata transcorridas dúas horas.

6.—O horario de limitación comprenderá de 09,00 a 13,00 e de 16,00 a 21,00 horas. Agás os sábados a partir das 13 horas, domingos e festivos, nos que non haberá limitación.

7.—Despois de sinalar a hora de chegada no disco horario, non se poderá variar ata que o vehículo abandone o estacionamento en zona azul.

Artigo 4. Infraccións

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

1.—A falta de disco comprobante do horario.

2.—Sobrepasar o límite horario indicado no comprobante.

3.—Modificar a hora de chegada despois do estacionamento.

4.—Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza, antes de transcorrer dúas horas contadas desde a hora de chegada.

* * *

SOUTOMAIOR**A N U N C I O**

De conformidade có disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación da presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Concello.

**ORDENANZA REGULADORA DO
ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO
GRATUITO. ZONA AZUL**

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril e das disposicións contidas no Real Decreto Lexislativo 339/90, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, así como o R.D. 1.398/93 de 4 de agosto que aproba o Regulamento do Procedemento do exercicio da postestade sancionadora, dictase a presente ordenanza que ten por obxecto regular o estacionamento limitado-gratuito (zona azul).

5.—Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ó espacio marcado para o vehículo.

Artigo 5. Sancións

As infraccións sinaladas nos apartados 1, 2, 4 e 5 do artigo anterior serán sancionadas con multa de vintecatro euros (24 €), e a sinalada no apartado 3 con multa de trinteseis euros (36 €).

As devanditas multas se reducirán nun 30% si se fixeran efectivas dentro do prazo de quince días contados desde o día seguinte o da recepción da notificación da denuncia.

Artigo 6. Inmobilización do vehículo

Cando un vehículo estea estacionado en zona de estacionamento regulado e con horario limitado durante máis dunha hora e media, contada desde que fora denunciado polo incumprimento das normas que regulen este tipo de estacionamento, poderá ser inmovilizado ó obxecto de identificar o seu conductor e notificar a denuncia pertinente; se fora reincidente, poderá ser retirado. Neste caso, notificarase á persoa que pida a devolución do vehículo os gastos que supoñan a inmovilización, o traslado e o depósito, segundo proceda.

Disposición final

Esta ordenanza, que consta de 6 artigos, unha Disposición final e 1 anexo, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto integro e transcorra o prazo de quince días a que se retiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Soutomaior, 14 de agosto de 2006.—A Alcaldesa Acctal., M^a Dolores Cernadas García. 2006007914

